

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local, correspondentes ao día 5 de setembro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a agrupación das parcelas T.1, T.2, T.3 e T.4 da rúa A, do parque empresarial As Gándaras; para parcelamento do predio matriz sito no polígono 503, parcela 92, en Maira-Camoira; para substitución de edificio, composto de planta soto vinculada ao uso da planta baixa, planta baixa para portal e local sen uso específico, planta 1ª para uso hoteleiro (pensión de dúas estrelas), plantas 2ª e 3ª para uso hoteleiro (2 apartamentos turísticos) e planta baixo cuberta para uso de rochos, na ronda da Muralla, número 177 e para modificación e ampliación de edificio con licenza número 1598/09, para edificio sede do “Centro tecnolóxico agroalimentario de Lugo” (Cetal) destinado á investigación, sito na parcela J-(10-D), sector Sur-K.

Acórdase a denegación de licenza para a legalización de edificio para almacén de apoio a viveiro de plantas, sito en Nadela.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**2. PERSOAL.-** Acórdase o levantamento da suspensión dos requirimentos de reintegro dos haberes percibidos indebidamente por persoal adscrito á Policía Local.

Acórdase a autorización para a realización de horas extraordinarias por mor da exposición pública do censo electoral.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase renunciar á celebración do contrato e deixar sen efecto o expediente na contratación da subministración dunha cabina de calidade de aire para o control de calidade de niveis de inmisión do aire do Concello de Lugo.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra a liquidación número 5698657 (729/2012), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para demolición de dúas edificacións sitas na ronda da muralla, 91, esquina avenida da Coruña, 1.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acordase a incoación procedemento disciplinario a unha funcionaria municipal.
- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da renovación do sistema de seguridade perimetral e control de tráfico de internet do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación

Lugo, 12 de setembro de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García